

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 19 DE XULLO DE 2012

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 19 de xullo de 2012, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnen-se no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, aos efectos de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día da data, os seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a María Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez
D. Vitor Manuel Sierra Nieves

Non asiste (inxustificada) D. Carlos Javier Crespo Díaz, cuxa ausencia é desculpada polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, procédese ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación da acta da sesión do Pleno celebrada o día 7 de xuño de 2012

Pregunta o Sr. Alcalde si se quere formular algunha observación a acta da sesión celebrada o día 7 de xuño de 2012 polo Pleno e non formulándose

observación a acta da sesión do Pleno do Concello de 7 de xuño de 2012 resulta aprobada por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes.

2º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, acordo relativo á non celebración da sesión do pleno ordinario do mes de agosto de 2012.

Pola Alcaldía faise uso da palabra para xustificar a inclusión na orde do día sen pasar pola comisión e afirmar que entende razoable que non se celebre a sesión ordinaria de agosto cando se está a celebrar esta sesión próxima ao mes de agosto.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos Concelleiros asistentes, a Presidencia dá lectura a proposición da Alcaldía e en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes o Pleno acorda:

Primeiro: non celebrar a sesión plenaria ordinaria do mes de agosto de 2012.

3º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición da Alcaldía relativa á aprobación definitiva do expediente para o establecemento do servizo público de contido económico da planta de compostaxe do Concello do Barco de Valdeorras.

O alcalde fai uso da palabra para xustificar a urxencia do asunto dicindo que se trata dun acordo que esixe o procedemento e que aínda que non se realizaron alegacións ao expediente trala exposición pública, debe volver ao Pleno.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos Concelleiros asistentes, a Presidencia dá lectura a proposición da Alcaldía e en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes o Pleno acorda:

Aprobar definitivamente o expediente para o establecemento do servizo público de contido económico e a memoria acreditativa da conveniencia e oportunidade da prestación do servizo da planta de compostaxe do Concello do Barco de Valdeorras, mediante xestión indirecta, que queda redactada tal e como se transcribe coma anexo no presente acordo:

“ANEXO

MEMORIA DA COMISIÓN DE ESTUDO PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA PLANTA DE COMPOSTAXE DE RESIDUOS VEXETAIS NO BARCO DE VALDEORRAS.

Sendo nomeada por Decreto de Alcaldía, de 16 de febreiro de 2012, unha Comisión de estudo da conveniencia e oportunidade da implantación dunha planta de compostaxe de residuos vexetais no Barco de Valdeorras, elabórase a presente Memoria relativa ós aspectos sociais, xurídicos, técnicos, financeiros e demais cuestións relativas ó servizo sinaladas no artigo 97 do TRRL (Real Decreto Lexislativo 781/1986).

A presente Memoria elabórase ca colaboración do Servizo de Augas e Medio Ambiente da Deputación de Ourense, no marco da cooperación e asistencia técnica do organismo provincial cos municipios.

1.- Descrición xeral do proxecto e forma de xestión:

Preténdese a posta en marcha e explotación dunha planta municipal de compostaxe de restos vexetais, localizada na estrada da N-536 Ponferrada-Ourense, na súa marxe dereita en dirección Ourense. A continuación, móstrase a localización da planta reflectindo as coordenadas UTM (ED50):




FOTO Nº 1: Localización da planta de compostaxe de residuos vexetais

A forma de xestión da planta, tal e como despois se sinalará, á vista da falla de especialización e escasez de medios do Concello, será a xestión indirecta mediante concesión.

Na actualidade a planta, de propiedade municipal, localízase nunha parcela de 2.774,30 m² e consta das seguintes partes: unha zona con cuberta para almacén e garaxe, unha fosa de lixiviacións, a caseta ca electro-bomba, unha balsa de auga e unha zona en terra diferenciada en catro partes (todas a ceo aberto): a zona de amoreamento de restos vexetais, a zona de fermentación, a zona de maduración e xa no final do proceso unha zona de amoreamento de afino. Asemade, tamén dispón dun cerre do contorno e dun sistema de rega que permite te-la zona en condicións para o traballo e evita-la aparición de incendios. Por outra banda, o Concello poría a disposición do adxudicatario a seguinte maquinaria da súa propiedade:

- Trituradora móbil accionada mediante tractor (Pezzolato, S7000)
- Volteadora móbil accionada mediante toma de forza de tractor (Pezzolato, PRT 2500)
- Cribadora móbil accionada con motor eléctrico Pezzolato, Rotovaglio L3000)

O obxectivo principal do Concello do Barco ca posta en funcionamento desta planta de compostaxe é desfacerse de forma axeitada e correcta, tanto dende un punto de vista medioambiental como económico-social, dos restos de poda de xardíns e de zonas verdes municipais. Deste xeito asegúrase a limpeza das zonas de uso público e común e promóvese o tratamento dun biorresiduo (que segundo a Lei 22/2011, de xullo de 2011 defínese como: “residuo biodegradable de xardíns e parques, residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva e establecementos de venta ó por menor, así como residuos comparables procedentes das plantas de procesado de alimentos”) o cal permitiría cerrar o ciclo natural, pasando de ser un residuo a un abono natural.

Este proxecto non terá canon de concesión pero si dereito a recibir subvención, estando esta xustificada polo aforro que lle supón ó Concello ó non entrega-la materia orgánica recollida ó xestor actual. Pese ó anterior segue sendo interesante para o concello mecanismos que permitan desfacerse dunha fracción de materia orgánica procedente de colexios, centros médicos e restaurantes da zona, de xeito coherente ca liña estratéxica 3 para o desenvolvemento do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG 2010-2020).

Por todos estes motivos e pola escaseza de medios propios e a falta de especialización neste ámbito, propónse a xestión indirecta desta planta de compostaxe. Con base nisto, o licitador solicitará do Concello unha subvención igual ó número de toneladas de materia orgánica que en cada período de liquidación recolla selectivamente (e polo tanto retire do circuito actual de RSU) valoradas ó prezo ofertado por debaixo do tipo máximo de licitación (que é o 60% sobre o prezo actual de entrega en SOGAMA, no momento no que se realiza a oferta para a procedemento de contratación desta explotación).

Para elo, o ofertante deberá asegura-la recepción e tratamento de tódolos residuos vexetais procedentes do mantemento e da conservación de estradas, equipamentos, dotacións, zonas verdes e espazos de titularidade municipal, así como os procedentes da actividade de mantemento de fincas e xardíns de titularidade privada localizados no termo municipal do Barco de Valdeorras. Asemade, tamén asegurará a recollida de materia orgánica procedente da separación selectiva en orixe de residuos sólidos urbanos e domésticos, sendo esta última clasificación a definida segundo a Lei 22/2011, de 28 de xullo de 2011, de residuos e solo contaminados, como: “os residuos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Considérase tamén residuos domésticos os similares ós anteriores xerados en servizos e industrias. (...) Tamén terá a consideración de residuos domésticos os residuos procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e vehículos abandonados”. Todo isto fixando como obxectivo primordial que o adxudicatario deberá asegura-la elaboración dun produto final que teña a consideración de compost segundo a lexislación vixente actual. Asemade, non deberá descoidar o feito de que se supón que para elo facilitará os medios materiais e técnicos necesarios (colectores de proximidade para a fracción de materia orgánica, camión para a recollida e transporte á planta destes residuos, ...) para asegura-la dita recollida. É importante expoñer, que en ningún caso o adxudicatario poderá recoller residuos doutros municipios, que non sexan do Barco de Valdeorras. No caso de detectarse e demostrar esta irregularidade, o Concello poderá directamente rescindir a entrega da subvención ao adxudicatario, podendo adoptar medidas mais extremas.

Por outra banda, este poderá ofertar diferentes propostas e melloras, que axuden a poñer en funcionamento a planta de reciclaxe de residuos vexetais. Entre as cales, por unha banda consideraríanse calquera proposta e/ou iniciativa de sensibilización e concienciación, incluíndo visitas, excursións ou charlas dende a rúa ou dende a planta empregando este lugar como unha aula didáctica, sobre as vantaxes da realización de compostaxe, orientadas a diferentes grupos sociais (receptores): comerciantes, industriais, escolares... Entendendo

este último grupo como os receptores potenciais máis eficientes non só á hora de assimilar novos coñecementos, senón á hora de transmitir-la mensaxe a outros receptores (familiares, amigos...). Por outra banda, valorarase calquera obra ou instalación, complementaria ás existentes, así como actividades ou adquisición de bens ou inmobles que sexan necesarios ou axuden ao correcto funcionamento do proceso de compostaxe dos residuos vexetais, entendendo que estas melloras pasarán ó final do período da explotación a ser de titularidade municipal, propoñendo un prazo mínimo de amortización de dez anos.

Finalmente, no senso da contratación entendemos que se debe promover a contratación ecolóxica, ética e social. Polo que valorarase nos criterios de adxudicación non só a incorporación de criterios medioambientais na contratación pública senón que as propostas inclúan factores de carácter social, como por exemplo: a perspectiva de xénero, o fomento de contratación de empresas de inserción (asociacións de discapacitados físicos)... Os requisitos de carácter social deberán axustarse aos principios de concorrencia, igualdade de trato e non discriminación e a maiores esixirse a compatibilidade entre ambos criterios.

2.- Aspectos financeiros:

Trátase dun servizo a desenvolver inicialmente de xeito experimental polo que non existen datos de implementación procedimental nin económicos.

Para a adxudicación do servizo tomarase en consideración o estudo de custos da actividade presentado nas ofertas, co que poderemos verificar a viabilidade económica do proxecto e controla-la rendibilidade do servizo no futuro.

Como xa se indicou anteriormente os aspectos financeiros do servizo serán os seguintes:

1º.- Non se establecerá canon a pagar polo concesionario.

2º.- Non se establecerán tarifas a percibir por parte dos usuarios.

3º.- O concesionario será retribuído ca actividade económica derivada da comercialización do compost.

4º.- O Concello aportará ó concesionario por cada tonelada (t) de residuo orgánico que este recolla selectivamente como máximo o 60% do prezo actual que se abona a SOGAMA. O concesionario deberá licitar sobre a devandita porcentaxe que terá o carácter de máximo.

ESTUDIO DE CUSTES	Parámetros de cálculo
FRACCIÓN RESTO DE RESIDUOS URBANOS	
Poboación municipal total ano 2.011	14.146,00
Poboación potencialmente usuaria (habitantes)	5.000,00
Producción de residuos fracción resto poboación de 14.146 habitantes, ano 2.011 (Kg/ano)	4.431.460,00
Producción de residuos fracción resto poboación potencialmente usuaria(Kg/ano)	1.566.329,70
Producción de residuos fracción resto poboación potencialmente usuaria(TM/ano)	1.566,33
% de materia orgánica en fracción resto (40%-50%) TM/ano de materia orgánica	626,53
Valor de conversión a compost de materia orgánica (30%-40%) TM/ano compost	187,96
Factor de conversión de TM a m ³	0,80
Compost producido/ano (m3)	234,95
RESIDUOS MUNICIPAIS XARDINERÍA	
Podas municipais (m ³ /ano)	210,00
Valor de conversión a compost de materia orgánica (30%-40%) TM/ano compost	63,00
Segas municipais (m ³ /ano)	30,00
Valor de conversión a compost de materia orgánica (30%-40%) TM/ano compost	9,00
Compost producido /ano (m3)	72,00

PRODUCCIÓN DE COMPOST	
Compost producido de materia orgánica fracción resto (m³/año)	234,95
Residuos municipais de xardinería (m³/año)	72,00
Residuos particulares xardinería (m³/año)	36,00
Total producción compost (m3/año)	342,95

INGRESOS	
Ingreso mensual subvención	
TM mensual tratada (TM/mes)	52,21
Prezo TM tratada (€)	54,33
Porcentaxe subvención mensual	60,00%
Ingreso mensual venta compost	
M³ compost producido mensual (€)	28,58
Prezo compost producido (€/m³)	90,00

CUSTES	
Salario mes peón xornada completa	895,00
Cargas Sociais mes Peón	328,31
Salario mes Asesoramento Técnico (1h/diaria)	142,50
Cargas Sociais mes A.T.	46,67
Retribución mes Asoc. Discapac.(2 peóns 3 h/día;3 días/semana)	550,49
Control mensual calidade compost	100,00
Mantemento mensual maquinaria	500,00
Aluguer mensual vehículo transporte	300,00
Aluguer mensual colectores	50,00
Gasto mensual luz	258,33
Gasto mensual auga	60,00
Gasto mensual telefono	50,00
Campañas mensual	300,00
Material oficina mes	50,00
Seguros mes	166,66
Outros mes	50,00

CUSTES XERAIS	6,00%
IVE REPERCUTIDO	8,00%
IVE SOPORTADO	18,00%

INGRESOS SERVICIO

Uds	Concepto	TM/mes	Prezo Unitario	Porcentaxe	Prezo Unit Corrix.	Total
-----	----------	--------	----------------	------------	--------------------	-------

INGRESOS POR SUBVENCIÓN (€)

12	TM mensual tratada (TM/mes)	52,21	54,33	60,00%	32,60	20.423,69
----	-----------------------------	-------	-------	--------	-------	-----------

SUBTOTAL INGRESOS POR SUBVENCIÓN					20.423,69
---	--	--	--	--	------------------

INGRESOS POR VENTA (€)

12	M³ compost producido mensual (€)	28,58	90,00			30.865,45
----	----------------------------------	-------	-------	--	--	-----------

SUBTOTAL INGRESOS POR VENTA					30.865,45
------------------------------------	--	--	--	--	------------------

INGRESOS TOTAIS sen IVE					51.289,14
--------------------------------	--	--	--	--	------------------

CUSTES SERVICIO

Uds	Concepto	Prezo Unit.	Total
PERSONAL			
12	Salario mes peón xornada completa	895,00	10.740,00
12	Cargas Sociais mes Peón	328,31	3.939,72
12	Salario mes Asesoramento Técnico (1h/diaria)	142,50	1.710,00
12	Cargas Sociais mes A.T.	46,67	560,04
12	Retribución mes Asoc. Discapac.(2 peóns 3 h/día;3 días/semana)	550,49	6.605,87

TOTAL PERSONAL			23.555,63
-----------------------	--	--	------------------

CUSTES CORRENTES ACTIVIDADE

EXPLOTACIÓN

12	Mantemento mensual maquinaria	500,00	6.000,00
12	Aluguer mensual vehículo transporte	300,00	3.600,00
12	Aluguer mensual colectores	50,00	600,00

TOTAL EXPLOTACIÓN			10.200,00
--------------------------	--	--	------------------

SUBMINISTROS

12	Gasto mensual luz	258,33	3.099,96
12	Gasto mensual auga	60,00	720,00
12	Gasto mensual telefono	50,00	600,00

TOTAL SUBMINISTROS			4.419,96
---------------------------	--	--	-----------------

OUTROS

12	Campañas mensual	300,00	3.600,00
12	Material oficina mes	50,00	600,00
12	Seguros mes	166,66	1.999,92
12	Outros mes	50,00	600,00
12	Control mensual calidade compost	100,00	1.200,00

TOTAL OUTROS	7.999,92
---------------------	-----------------

SUBTOTAL CUSTES CORRENTES ACTIVIDADE	22.619,88
---	------------------

CUSTES XERAIS ACTIVIDADE

6,00%	CUSTES XERAIS	1.357,19
-------	---------------	----------

TOTAL CUSTES XERAIS	1.357,19
----------------------------	-----------------

TOTAL CUSTES CORRENTES ACTIVIDADE	23.977,07
--	------------------

TOTAL CUSTES PERSOAL	23.555,63
-----------------------------	------------------

GASTO TOTAL sen IVE	47.532,71
----------------------------	------------------

RESULTADO SERVICIO

INGRESOS SERVICIO

INGRESOS POR SUBVENCIÓN (€)

€/ano por TM tratadas	20.423,69
	€

INGRESOS POR VENTA (€)

€/ano por m ³ compost producido	30.865,45
	€

TOTAL INGRESO sen IVE	51.289,14
	€

0,00%	IVE REPERCUTIDO POR SUBVENCIÓN	- €
-------	--------------------------------	-----

8,00%	IVE REPERCUTIDO POR VENTA	2.469,24
		€

TOTAL INGRESOS	53.758,37
	€

CUSTES SERVICIO

EXPLOTACIÓN	10.200,00
	€

		4.419,96
SUBMINISTROS	€	
		7.999,92
OUTROS	€	
SUBTOTAL CUSTES CORRENTES ACTIVIDADE		22.619,88
	€	
6,00% CUSTES XERAIS	€	1.357,19
TOTAL CUSTES CORRENTES ACTIVIDADE sen IVE		23.977,07
	€	
18,00% IVE SOPORTADO	€	4.315,87
TOTAL CUSTES CORRENTES ACTIVIDADE		28.292,95
	€	
TOTAL CUSTES PERSOAL		23.555,63
	€	
CUSTES TOTAIS sen IVE		51.848,58
	€	
Ive repercutido	€	2.469,24
Ive soportado	€	4.315,87
DIFERENZA IVE	-	1.846,64 €
RESULTADO		3.756,43

3.- Regulamento do Servizo:

REGULAMENTO DO SERVIZO DA PLANTA DE COMPOSTAXE E RECOLLIDA DE BIORRESIDUOS NO CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS
ÍNDICE DE ARTIGOS

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. Obxecto

ARTIGO 2. Definicións

ARTIGO 3. Obxectivos

ARTIGO 4. Responsabilidade

ARTIGO 5. Prestación do servizo

TÍTULO II. IDENTIFICACIÓN DE RESIDUOS E XESTIÓN

ARTIGO 6. Tipoloxía dos residuos

ARTIGO 7. Formas de presentación dos biorresiduos

ARTIGO 8. Xustificantes das pesadas

ARTIGO 9. Descrición das instalacións

ARTIGO 10. Funcionamento e xestión

ARTIGO 11. Horario

TÍTULO III. OBRIGAS E PROHIBICIÓN

ARTIGO 12. Taxa por entrega dos biorresiduos

ARTIGO 13. Prohibicións dos depositantes dos biorresiduos

TÍTULO IV. INFRACCIÓN E SANCIÓN

ARTIGO 14 . Infraccións

ARTIGO 15. Potestade sancionadora e sancións

ARTIGO 16. Prescrición

DISPOSICIÓN FINAL

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. Obxecto

O obxectivo principal do Concello de O Barco coa posta en funcionamento desta planta de compostaxe é desfacerse de forma axeitada e correcta, tanto dende un punto de vista medioambiental como económico-social, dos restos de poda de xardíns e de zonas verdes municipais. Deste xeito asegúrase a limpeza das zonas de uso público e común e promóvese o tratamento dun biorresiduo (que segundo a Lei 22/2011, de xullo de 2011 defínese como: “residuo biodegradable de xardíns e parques, residuos alimenticios y de cocina procedentes de fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva e establecementos de venta ao por menor, así como residuos comparables procedentes das plantas de procesado de alimentos”) o cal permitiría cerrar o ciclo natural, pasando de ser un residuo a un abono natural.

O presente regulamento ten por obxecto establecer as condicións de funcionamento do servizo da planta de compostaxe e recollida de biorresiduos.

As instalacións actuais da planta de compostaxe son adecuadas para o tratamento dos restos biodegradables de parques e xardíns realizado ata o momento, aínda que mediante unha adecuada xestión empresarial preténdese optimizar o proceso e amplialo á xestión dunha fracción dos residuos orgánicos xerados no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos .

ARTIGO 2. Definicións

Aos efectos do presente regulamento enténdese por:

- Planta de compostaxe: instalación na que se efectúa a recepción e acumulación de biorresiduos que mediante o proceso de transformación adecuado convértense en compost.
- Compost: enmenda orgánica obtida a partir do tratamento biolóxico aerobio e termófilo de residuos biodegradables recollidos separadamente.
- Biorresiduo: residuo biodegradable de parques e xardíns, residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares, restaurantes e servizos de restauración colectiva.
- Reciclaxe: a transformación dos residuos, dentro dun proceso de produción, para o seu fin inicial ou para outros fins, incluída a compostaxe.

ARTIGO 3. Obxectivos

Os obxectivos principais deste servizo son os seguintes:

- Fomenta-la recollida selectiva dos biorresiduos, a utilización de materiais reciclados e a súa posta no mercado.
- Aproveitar mediante un proceso industrial unha fracción dos residuos urbanos totalmente biodegradable para transformala en abono.
- Utiliza-lo compost producido a partir dos biorresiduos no sector agrícola, en xardinería ou en rexeneración de áreas degradadas en substitución doutras emendas orgánicas e fertilizantes minerais.
- Evita-lo vertido destes residuos en colectores non adecuados e as queimas dos mesmos.

- Promove-la integración de programas de educación ambiental en materia de residuos co fin de promover a colaboración da cidadanía para a redución e valorización dos residuos.

ARTIGO 4. Responsabilidade

A empresa xestora está obrigada a obter todas autorizacións e rexistros que sexan necesarios das administracións públicas para levar a cabo a actividade e cantas operacións accesorias o requiran.

Esta empresa adquire a titularidade dos residuos tratados na planta que destinará á produción de compost de calidade baixo o cumprimento da normativa específica nesta materia, e ademais deberá asegura-la adaptación deste produto final á evolución dos requisitos impostos pola normativa vixente e as esixencias do mercado existentes en cada momento.

ARTIGO 5. Prestación do Servizo

Para o funcionamento do servizo terase en conta que:

1. Na planta de compostaxe recibiranse e trataranse os seguintes residuos:
 - Restos vexetais procedentes do mantemento e conservación de estradas, equipamentos dotacionais, zonas verdes e espazos libres no municipio do Barco.
 - Restos vexetais procedentes do mantemento de fincas e xardíns de titularidade privada situados no municipio do Barco
2. Realizarase a recollida porta a porta dos residuos orgánicos xerados no municipio do Barco procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos habilitando para elo os colectores necesarios que se recollerán coa periodicidade que se estime oportuna para evitar problemas de salubridade.
3. En ningún caso se admitirán residuos perigosos de orixe industrial.

TÍTULO II. IDENTIFICACIÓN DE RESIDUOS E XESTIÓN

ARTIGO 6. Tipoloxía dos biorresiduos

Dentro da fracción de vexetais (restos de xardinería) son recomendables: restos de poda, herba de xardín, palla, follas, maleza, algas, flores e restos de plantas.

Dentro da fracción dos residuos orgánicos xerados no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos diferéncianse as seguintes tipoloxías de residuos:

1. Materiais recomendables para compost pola súa rapidez de descomposición: restos de pan, mondas de patacas, froita, verdura, pousos de café, infusións e cáscaras de ovo.
2. Materiais non recomendables: carne e peixe, derivados do leite, alimentos que conteñan graxas, restos de aspiradora, mariscos, panos e papeis de cocina, la e fío natural, tapón de cortiza, restos de cereais e ósos de froitas.
3. Materiais non utilizables: excrementos, restos inorgánicos, plástico, vidro, cristal, papel e cartón, restos de aluminio, materiais orgánicos con sustancias contaminadas, cinza, cueiros, tecidos sintéticos, materiais non orgánicos e residuos perigosos.

O xestor da planta de compostaxe pode decidir reducir ou amplia-la lista de materiais recomendables sempre que a produción do compost se axuste aos estándares de calidade marcados pola normativa.

ARTIGO 7. Formas de recollida dos biorresiduos

Os restos de xardinería e podas poderán levarse durante o horario de apertura da planta tanto polo persoal de xardíns do Concello do Barco de Valdeorras como polos particulares do municipio.

Os residuos da fracción orgánica xerados no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos serán recollidos pola empresa xestora baixo un estrito control

na selección do material recollido e nas pesadas do mesmos antes da entrada na planta de compostaxe.

ARTIGO 8. Xustificantes da pesadas

A empresa xestora da planta ten a obriga de presentar ante o Concello do Barco a xustificación do peso dos residuos da fracción orgánica recollidos no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos a través de tiquets procedentes dunha báscula. Pesaranse exclusivamente os residuos da fracción orgánica recollidos no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos.

No sistema de control de pesadas implantado deben quedar claras as características técnicas da báscula de pesaxe, a información que recollerá documento que recolla as pesadas (vehículo, data, hora, pesada...) e a documentación acreditativa do correcto calibrado da máquina.

O concello poderá inspeccionar en calquera momento a correspondencia da fracción orgánica pesada co especificado nos tickets da báscula, podendo recoller das entidades colaboradoras na recollida selectiva a información necesaria para verificar a cantidade de residuos recollidos polos responsables da planta.

ARTIGO 9. Descrición das instalacións

Na actualidade a planta localízase nunha parcela de 2.774,30 m² e consta das seguintes partes: unha zona con cuberta para almacén e garaxe, unha fosa de lixiviacións, a caseta ca electro-bomba, unha balsa de auga e unha zona en terra diferenciada en catro partes (todas a ceo aberto): a zona de amoreamento de restos vexetais, a zona de fermentación, a zona de maduración e xa no final do proceso unha zona de amoreamento de afino. Asemade, tamén dispón dun cerre do contorno e dun sistema de rega que permite te-la zona en condicións para o traballo e evita a aparición de incendios.

A modo indicativo a planta conta coa seguinte maquinaria:

- Trituradora móbil accionada mediante tractor (Pezzolato, S7000)
- Volteadora móbil accionada mediante toma de forza de tractor (Pezzolato, PRT 2500)
- Cribadora móbil accionada con motor eléctrico Pezzolato, Rotovaglio L3000)

ARTIGO 10. Funcionamento e xestión

A xestión da planta inclúe tódolos procesos relativos ó funcionamento desta para acadar un produto final de calidade que cumpra cas condicións marcadas pola normativa, desde a admisión na propia planta de restos de xardinería ou recollida do material in situ de residuos da fracción orgánica, ó control do proceso de compostaxe, e á comercialización do compost.

Inclúe o servizo de recollida dos residuos porta a porta da fracción orgánica xerados no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos. Este será un servizo aplicable a centros que expresen o seu interese en participar no proxecto e que fagan unha separación axeitada dos restos de cociña para producir compost baixo a supervisión da empresa xestora da planta.

Será responsabilidade da empresa xestora o mantemento completo da edificación, vías interiores, alumeado interior, saídas de augas pluviais e residuais, cerramentos exteriores e cantos elementos integran na actualidade a infraestrutura e os que se instalen nun futuro.

Tendo en conta que este é un proxecto experimental, o sistema de xestión previsto neste regulamento poderá ser modificado se o funcionamento da planta non é o adecuado en canto a produción e venda do compost, características de salubridade e coidado medioambiental. Esta modificación farase sempre baixo a autorización do concello.

A xestión da planta de compostaxe débese facer conforme ás seguintes especificacións:

1. Á entrada do recinto, o persoal da planta informará ós usuarios sobre o lugar para realizar o depósito dos restos de xardinería, e se fose preciso colaborará no depósito dos mesmos.
2. Todas as entregas por parte dos usuarios serán anotadas polo persoal da planta nun libro de rexistro para control interno no que deben constar: verificación do residuo, tipo e cantidade que se deposita, identificación do usuario, teléfono de contacto lugar de residencia do mesmo e data de entrada dos residuos na planta.
3. A circulación no interior da planta farase respectando as quendas de entrada.
4. O acceso a planta estará totalmente prohibido a todo aquel que non faga a achega de residuos. Tamén se prohibirá a recuperación de materiais no interior das instalacións de calquera forma que non sexa a prevista no funcionamento da planta de compostaxe, sen a debida autorización.
5. Do mesmo xeito o persoal da planta deixará constancia dos seguintes datos: destino e data de retirada do produto final comercializado, número de visitas diarias, opinións dos usuarios, incidencias e reclamacións. Todos os datos quedan, en todo caso, sometidos ás normas xerais de protección de datos persoais, sen que os mesmos podan ser utilizados para outros fins que os propios do servizo. O Concello de O Barco poderá acceder a estes datos sempre que o estime conveniente co fin de levar un control estatístico do funcionamento da planta.
6. A empresa xestora realizará a comercialización do produto xerado de tal xeito que se garanta a suficiente rotación para que non existan zonas de almacenamento estacional na planta do compost.
7. A empresa xestora facilitará ó concello un informe anual completo da xestión, aportando propostas de actuación que poderían mellorar o funcionamento da planta e facendo as observacións que consideren oportunas. Toda a documentación xerada durante a explotación desta planta deberá ser arquivada (en formato papel e dixital) por un período de cinco anos.
8. O persoal da planta emitirá, a petición do usuario que o solicite, un xustificante de recepción dos residuos admitidos nas instalacións.
9. A comunicación e a sensibilización ambiental son elementos que se deben ter en conta na xestión da planta.
10. A empresa xestora deberá aplicar na prestación dos seus servizos criterios de salubridade, ambientais e de seguridade e hixiene no traballo que estean marcados pola lexislación vixente.
11. É responsabilidade da empresa xestora da planta a seguridade dos usuarios alleos á mesma que accedan para o depósito de residuos.
12. Os servizos técnicos municipais do Concello do Barco poderán revisar, sempre que o consideren preciso e sen previo aviso, o estado das instalacións, rexistros de funcionamento e o cumprimento de tódalas normas vixentes aplicables.

ARTIGO 11. Horario

A empresa xestora determinará o horario de apertura da planta de compostaxe. Este horario será fixado en función das necesidades de funcionamento das instalacións e será comunicado á poboación.

A periodicidade de recollida dos residuos da fracción orgánica xerados no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos serán recollidos nos centros produtores dos mesmos pola empresa xestora segundo necesidades do servizo.

TÍTULO III. OBRIGAS E PROHIBICIÓNS

ARTIGO 12. Taxa por entrega de biorresiduos

Particulares: non se establece unha taxa por entrega de residuos na planta de compostaxe.
Restos de xardinería de zonas verdes municipais: o servizo de xardinería do concello transportará este tipo de residuos ata a planta de compostaxe estando este servizo exento de taxa de entrada.

ARTIGO 13. Prohibicións dos depositantes de biorresiduos

Prohíbense os seguintes aspectos:

- Depositar residuos non procedentes nesta norma.
- Deposita-los biorresiduos mesturados con outros residuos.
- Depositar residuos fora do lugar especificado.
- Ocultar residuos de carácter perigoso mesturados.
- Abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións.

TÍTULO IV. INFRACIÓNS E SANCIÓN

ARTIGO 14. Infraccións

Constitúen infracción administrativa en relación cas materias reguladas no presente Regulamento as seguintes:

Infraccións leves:

1. Depositar calquera outro tipo de residuo que non se atope establecido neste regulamento.
2. Depositar os residuos permitidos para o compost mesturado con outros residuos non permitidos.
3. Depositar residuos fora do lugar especificado ou determinado para tal uso.
4. Calquera infracción do establecido neste regulamento que non este tipificada como grave.

Infraccións graves:

1. Abandono de residuos de calquera tipo na porta das instalacións da planta.
2. Ocultar e depositar residuos de carácter perigoso.
3. A actuación de xeito contrario ó establecido neste regulamento, sen que supuxese un perigo grave ou un dano á saúde das persoas ou se provocase un dano ou un deterioro grave para o medio ambiente.
4. O abandono, vertido ou eliminación incontrolado de calquera tipo de residuos non perigosos sen que puxese en perigo grave a saúde das persoas ou que produxese un dano ou deterioro grave para o medio ambiente.
5. A obstrución da actividade de vixilancia, inspección e control do concello do Barco.

Infraccións moi graves:

1. Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de xeito grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas en relación co servizo, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase do servizo conforme coa normativa aplicable ou á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non subsumibles nos tipos previstos no capítulo IV da Lei 1/1992, de 21 de febreiro, de Protección da Seguridade Cidadá.
2. O impedimento do uso do servizo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.
3. O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do servizo público.
4. Os actos de deterioro grave e relevante dos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos da planta de compostaxe.
5. O impedimento do uso do espazo público preciso para a realización do servizo por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

6. Os actos de deterioro grave e relevante dos espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmoables, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

ARTIGO 15. Potestade sancionadora e Sancións

O exercicio da potestade sancionadora por parte do Concello do Barco de Valdeorras, requirirá a incoación e instrución do correspondente expediente, de conformidade cas disposicións legais e regulamentarias.

As infraccións as que se refire o artigo anterior poderán dar lugar á imposicións das seguintes sancións:

- Para infraccións leves: multa de 100 a 750 euros.
- Para infraccións graves: multa de 751 a 1.500 euros.
- Para infraccións moi graves: multa de 1.501 euros a 3000 euros.

En todo caso, con independencia das sancións que puideran impoñerse, deberá o infractor restablecer a deficiencia ou a infracción ó seu estado orixinal e resarcirlos danos e perdas irrogados.

As sancións graduaranse atendendo a:

- Grado de intencionalidade
- Gravidade do dano producido
- Grado de malicia, participación e beneficio obtido
- Irreversibilidade do dano producido
- Categoría do recurso afectado
- Natureza do residuo
- Reincidencia
- Perigo para a saúde e integridade das persoas, animais e bens

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor ós quince días hábiles a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

4.- Criterios de contratación:

Con base no antedito, proponse os seguintes criterios para a elaboración dos PREGOS DA CONTRATACIÓN DA PLANTA:

Primeiro.- Obxecto e finalidade

O que se pretende é contrata-la explotación, a risco e ventura do licitador da explotación, mediante xestión indirecta, dunha planta municipal de compostaxe de residuos vexetais, por un prazo máximo de dez anos, momento no que estes bens inmoables reverterán ó Concello do Barco de Valdeorras en perfecto estado de uso e funcionamento e libres de cargas e gravames.

Segundo.- Requirimentos mínimos

O licitador estará obrigado a facer un produto que teña consideración de compost, baixo o cumprimento da normativa específica en esta materia, como por exemplo: Lei 22/2011, de 28 de xullo de 2011, de residuos e solo contaminados, Regulamento CE 1488/97 da comisión de 29 de xullo de 1997 do consello sobre a produción agrícola ecolóxica e as súas indicacións e Decreto 98/488/CE: decisión da comisión de 7 de abril de 1998 pola que se establecen os criterios ecolóxicos para as emendas do solo, e do BOE 131 de 2 de xuño de 1998, pola que se establecen os límites máximos legais para comercializar compost... e ademais deberá asegura-la adaptación deste produto á evolución dos requisitos impostos pola normativa vixente e ás esixencias do mercado, existentes en cada momento durante os próximos 10 anos.

Asemade, deberá asegura-la recepción de residuos de poda e xardinería xerados nas labores de limpeza e mantemento de zonas públicas municipais e das particulares procedentes

única e exclusivamente do termo municipal do Barco de Valdeorras. Dada a necesidade doutro tipo de materia orgánica, asegurará tamén a recollida de biorresiduos procedentes da recollida selectiva (residuos orgánicos domiciliarios, de colexios, restaurantes...).

Para levar a cabo todas estes requisitos obrigatorios deberá asegurar o subministro dos medios materiais (colectores de proximidade, camiós de recollida, maquinaria de explotación...) e do persoal necesario, así como a ampliación ou a mellora das instalacións existentes que sexan necesarias para o correcto funcionamento e explotación desta planta de compostaxe. En relación á recollida de materia orgánica, que promova o licitador deberá levarse a cabo ou a través de medios propios ou alleos, non obstante recibirá puntuación o feito de que se realice a través dalgunha asociación de discapacitados local, ou mediante a contratación directa de persoas discapacitadas, cara a facilitar a súa integración laboral e social.

Asemade, o adxudicatario deberá asegurar a comercialización do produto xerado de tal maneira que garanta a suficiente rotación na planta, e non se empreguen as zonas de almacenamento estacional como zonas de almacenamento de stocks. Para elo debería presentar un plan de comercialización do produto final, o cal puntuarase en función da súa a calidade e dos resultados do estudo de custos e ingresos, que recolla dito plan.

Terceiro.- Tipo de licitación

O tipo de licitación será o correspondente ó 60 % sobre o prezo actual de SOGAMA no momento da presentación das ofertas ó procedemento de contratación. Polo que o licitador ofertará por debaixo do tipo de licitación o prezo a recibir por parte do Concello das toneladas de materia orgánica que recolla selectivamente e en consecuencia retire do circuíto de residuos sólidos urbanos. O licitador presentará as liquidacións das pesadas de maneira trimestral, xustificando as toneladas recollidas mediante tickets procedentes da báscula.

Cuarto.- Criterios obxectivos de valoración para adxudicación

Ós efectos da adxudicación valorarase como un criterio obxectivo, a baixa sobre o valor tipo de licitación que presente cada un dos ofertantes sobre o prezo unitario que determinará a subvención que aportará o Concello. Concedéndolle a este criterio un valor máximo de 20 puntos, asinándolle a puntuación máxima ó licitador que oferte a maior baixa (en %) respecto ó prezo máximo de licitación e, a os demais, a puntuación que lle corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$Puntuación = \frac{Baixa (en\%) do importe subvencionable ofertada \times 20 puntos}{maior baixa ofertada}$$

Quinto.- Criterios subxectivos de valoración para adxudicación

Os criterios que servirán de base de valoración para adxudicación deste contrato, serán de tipo técnico, educativos e melloras. Estes pondéranse en función da súa importancia, concedéndolle un máximo de 15 puntos, repartidos da seguinte maneira:

- Criterios de tipo técnico: Baixo estes criterios encadraríase a valoración por unha banda dunha memoria técnica e por outra banda das diferentes melloras que se oferten. Quedando distribuída a puntuación da seguinte maneira:
 - Valorarase de cero a nove puntos como máximo os contidos da memoria técnica que presenten, asignando a seguinte puntuación por cada un dos apartados que se mostran a continuación:
 - Proxecto de explotación (0-4 puntos): Este proxecto deberá incluír como mínimo os seguintes contidos:
 - ✓ Obxecto da explotación e conceptos xerais
 - ✓ Descrición da metodoloxía e proceso de compostaxe (descrición da materia prima, liña de procesado, rendementos de produción,

- calidade do produto obtido, cronograma de implantación do proceso, temporalización das diferentes etapas do proceso...)
- ✓ Descrición da tipoloxía segundo a orixe dos residuos, que se pretenden empregar no proceso de compostaxe: orgánicos de orixe domiciliario, procedente de colexios, bares, hospitales, residuos de podas e xardinería, forestal, lodos de depuradora...
 - ✓ Descrición e xustificación da tecnoloxía e maquinaria necesaria para a explotación desta planta de compostaxe: características técnicas da maquinaria de nova adquisición, función de cada máquina no proceso, consumos previstos, plan de mantemento e reparacións e garantía dos equipos.
 - ✓ Descrición e dedicación dos medios materiais e humanos que sexan necesarios incorporar para a explotación diaria do sistema proposto. Este deberán xustificarse con base nas cantidades que se pretenden xestionar e os tempos de operación previstos na explotación.
 - ✓ Descrición do sistema de control de pesadas e medios necesarios para a súa implantación (características técnicas da báscula de pesaxe, documento que recolla as pesadas, documentación acreditativa do correcto calibrado da maquinaria...)
 - ✓ Procedementos de aseguramento da calidade do compost obtido
- Plan de comercialización (0-1 punto): Este plan deberá incluír como mínimo os seguintes contido:
 - ✓ Balance de masas que recolla, en peso, as entradas de material fronte as saídas de produtos.
 - ✓ Estudo de custos da actividade: co que se pretende valora-los custos que vai xerar esta actividade, telos en conta para fixar prezos de venda ou determinar un prezo mínimo e por último analizar e controla-la rendibilidade da futura actividade.
 - ✓ Análise de viabilidade técnica, legal, comercial, económica-financieira e organizativa, que permita verifica-la viabilidade económica do proxecto. Incluirá un balance provisional que proporcione unha fotografía da situación económico-financieira do negocio no futuro. Estudo do proxecto de inversión con base no Valor Actual Neto (VAN) e a Taxa Interna de Retorno (TIR).
 - Plan de integración social (0-2 puntos)
 - ✓ Valorarase as diferentes propostas de integración social que se presenten: asignarase unha maior puntuación canto maior sexa a número de persoas discapacitadas físicas que se integran no proxecto. Puntuarase de tal maneira que a proposta que recolla o maior número de persoas discapacitadas físicas recibirá a maior puntuación 2 puntos e á inversa recibirá 0 puntos.
 - Programa de vixilancia ambiental (0-1 punto) que debe incluír, como mínimo:
 - ✓ Determinar posibles impactos que poidan xera-la actividade de produción de compost.
 - ✓ Determinar medidas preventivas, compensatorias y correctoras, que axuden a mitigar ou minimizar os impactos.
 - ✓ Incluír un plan de vixilancia ambiental, que recolla:
 - Medida correctora á que fai referencia
 - Indicadores de seguimento desa medida

- Método de control (frecuencia de medida, puntos de mostraxe fixos e sistemas de medición)
- Medidas de urxencia
- Formación necesaria por parte da persoa que realizará o control
- Plan de seguridade e saúde (0-0,5 puntos)
 - ✓ Elaborarase unha proposta na que se describan os principais riscos laborais asociados á explotación e as medidas de prevención correspondente.
- Plan de emerxencias (0-0,5 puntos)
 - ✓ Os licitadores deberán aportar un plan de prevención de incendios e outras emerxencias, que estableza o protocolo de actuacións a realizar fronte ás posibles situacións anómalas ou atípicas que poidan producirse na prestación deste servizo.
- Melloras: Baixo este criterio concederanse de 0 a 4 puntos, repartíndose da seguinte maneira:
 - Concederase de 0 a 2 puntos en función do número de melloras que se presenten, pero que a maiores o fin polo que se propón cada unha das melloras sexa necesario para poder realizar a explotación desta planta. De tal xeito, que realizárase unha proporción, dándolle dous puntos o maior número de melloras que sexan tecnicamente viables e necesarias para levar a cabo a explotación e cero puntos o que presente o menor número de melloras presentadas e necesarias para a explotación. Polo que a valoración das ofertas con un número de melloras intermedio obterase de facer a correspondente proporción, por exemplo: se catro melloras reciben un punto, e o ofertante presenta dúas melloras, recibirá unha puntuación de 0,5 puntos. É importante concretar que anularanse aquelas melloras que non se consideren necesarias para a explotación desta planta.
 - Asemade, concederanse de 0-2 puntos a calidade técnica: por un lado, do proxecto construtivo no caso das melloras relativas a obras, e por outro da memoria técnica no caso de que as melloras se enfoquen a realización dunha actividade ou a adquisición dun ben ou inmovible.
 - ✓ Proxecto construtivo (0-1 punto): Os proxectos de execución deberán reunir tódolos documentos necesarios para a súa realización (memoria, planos, anexos, prego de prescricións ...) e estes sexan tecnicamente e legalmente correctos e viables para unha correcta execución das obras (a xuízo dos servizos técnicos municipais). Deberá incluí-la xustificación da necesidade de realizar esta obra para poder levar a cabo unha correcta e óptima explotación desta planta de compostaxe.
 - ✓ Memoria técnica (0-1 punto): Descrición da actividade que se propón como mellora, descrición das características do ben ou inmovible, garantías, xustificación da necesidade de realizar estas melloras para poder levar a cabo unha correcta e óptima explotación de esta planta.
- Criterios de tipo educativo: Asígnase a estes criterios un valor máximo de dous puntos, repartidos da seguinte maneira:
 - Criterio obxectivo (0-1 punto): Valorarase, ata un punto como máximo á proposta que oferte o maior número de campañas de sensibilización

orientadas a diferentes sectores sensibles da poboación e sustentadas en criterios razoados e xustificados.

- Criterio subxectivo (0-1 punto): Neste criterio valorarase a calidade técnica das campañas de sensibilización propostas, ata un máximo de un punto. Esta valoración realizarase, previo informe dos servizos técnicos, atendendo os seguintes criterios:
 - Contidos das campañas de sensibilización (os contidos do programa educativo, ¿que é o que se quere dicir ou transmitir?)
 - Metodoloxía da posta en marcha das campañas (medios materiais e humanos, ¿como se vai a levar a cabo?)
 - Organigrama das actuacións (a programación)
 - Cualificación e experiencia do equipo profesional que desenrolará os traballos

4º Proposta da Alcaldía relativa á modificación do orzamento da Corporación para o 2012, mediante aprobación de expediente de crédito extraordinario 01/2012, e correspondente modificación do anexo de investimentos.

O alcalde, tras dar conta do ditame da comisión informativa, fai uso da palabra para dicir o obxecto deste asunto é aprobar un crédito extraordinario para dotar dúas aplicacións orzamentarias, unha delas para a dirección de obra do BIC do Castro, que logo se recuperará a través da taxa correspondente e que o segundo apartado destínase ao proxecto do campo de fútbol de herba artificial de Viloira e que por cuestións de retardo das obras e cuestións orzamentarias non hai partida. Prosegue o alcalde explicando os importes e as contías concretas da modificación orzamentaria proposta e indicando que supón tamén a modificación do anexo de investimentos.

O sr. Blanco Paradelo, voceiro do Grupo municipal do P.P., fai uso da palabra, unha vez concedida pola Presidencia, para desculpar a ausencia do sr. Crespo Díaz. Prosegue dicindo que a modificación orzamentaria propónse tres meses despois de aprobar o orzamento o que, segundo o voceiro, indica a falta de previsión do orzamento. Di que logo de ver as partidas ás que se referiu o alcalde nas que sobrou crédito ou ben non se fixo ben a planificación ou ben non se executou correctamente o orzamento e que dende o punto de vista do seu Grupo reflicte a falla de planificación ou ben á hora de presupostar ou ben á hora de executar. Prosegue dicindo que chama a atención que ese tipo de aplicacións presupostarias como as dedicadas a medio rural non se cheguen a executar e que o voto do seu Grupo municipal será a abstención.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que o orzamento é un ente vivo porque as necesidades veñen e cambian, que o grupo de goberno foi previsor cando lle dedicou 75.000 € ao campo de fútbol pero que ao finalizar o exercicio orzamentario non se puido recuperar esa previsión para o novo orzamento polo que é preciso dotar de novo o crédito. Sobre as aplicacións orzamentarias de medio rural o alcalde fai uso da palabra para dicir que recentemente o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular manifestou que se gastaba moito en medio rural e que agora critica o aforro nesas aplicacións pero que o que existe é unha moi boa xestión por parte do equipo de goberno e mesmo do traballadores municipais á hora de atopar mellores ofertas.

O sr. Blanco Paradelo fai uso da palabra para dicir que se aprobou tarde o orzamento deste ano co que se xogou un pouco co avance do exercicio corrente o que evidencia a falta de planificación, que sobre medio rural non se acusou de gastar moito senón que querían saber cal era o seu plan de traballo e así o levou o alcalde a unha comisión o que lle parece correcto.

Rematado o debate procédese a votación do ditame da comisión informativa de 16 de xullo de 2012, co resultado de que, en votación ordinaria, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno do Concello acorda:

Que o crédito extraordinario, polo que se dotaría de crédito ás partidas que se indican a continuación, modificando polo tanto o anexo de investimentos do Orzamento de Xeral do Concello, sexa financiado con cargo a:

- **Remanente de Tesourería para gastos con Financiamento Afectado (artigo 36.1.a. RD 500/1990), derivado das desviacións de financiamento do axente financiador “Préstamo Caja Madrid 2009 (Investimentos 2009)”, previa modificación dos proxectos de gasto con financiamento afectado nos que tiveron orixe (os proxectos 2009-16, 2009-17, 2009-21, 2009-33, 2009-34, 2009-44, 2009-50, 2009-51, 2009-63, 2009-66, 2009-67, 2009-68, 2009-73, 2009-74 – cancelación – e 2009-75 – modificación), por haberse executado totalmente o gasto correspondente aos mesmos, procedéndose a desistir formalmente de continuar executándoos, e entón, a reasignar o préstamo sobrance ao financiamento dos presentes proxectos de gasto “Obras de**

rehabilitación del BIC Fortaleza do Castro (fase I)” (2011-45) e “Remate do campo de fútbol de herba artificial de Viloiira” (2011-51); tal e como se apuntou, os devanditos proxectos de gasto considéranse totalmente executados (aínda que se executaran por un importe inferior ao inicialmente previsto), polo que non vai ser necesario que, en adiante, exista financiamento para os gastos derivados destes proxectos.

Os proxectos de gasto afectados, respecto dos que se propón a declaración de renuncia ou da imposibilidade de realización total ou parcial do gasto proxectado (os proxectos 2009-16, 2009-17, 2009-19, 2009-21, 2009-33, 2009-34, 2009-44, 2009-50, 2009-51, 2009-63, 2009-66, 2009-67, 2009-68, 2009-73, 2009-74 – cancelación – e 2009-75 – modificación), aos efectos da posterior reasignación do financiamento, son os seguintes:

<u>Código do proxecto</u>	<u>Concepto</u>	<u>Importe a reasignar</u>
2009-16	Adquisición dunha fotocopiadora	6.948,00 €
2009-17	Adquisición dun sistema de magafonía para o salón de plenos	600,94 €
2009-31	Investimento novo en instrumentos e maquinaria Conservatorio	7.832,73 €
2009-33	Investimento novo en instrumentos e maquinaria Escola de música	1.184,24 €
2009-34	Adquisición de paneis aislantes para a sala de ensaio	1,28 €
2009-44	Obras de reposición na rede de abastecemento e saneamento	4.389,15 €
2009-50	Acondicionamento do entorno da pista polideportiva "A cerámica"	5.140,00 €
2009-51	Adquisición de utillaxe para deportes	255,88 €
2009-63	Pintado de vías públicas	5.130,48 €
2009-66	Praza de Andrés de Prada e rúa de José Otero Pedrayo	98,56 €
2009-67	Reposición de beirarrúas	3.408,20 €
2009-68	Reposición de luminarias en urbanizacións	543,50 €
2009-73	Construción dun muro na escollera de Tremiñá	63,20 €
2009-74	Instalación de equipos de T.D.T. en aldeas	680,00 €
2009-75	Actuacións en núcleos rurais	953,17 €
		37.229,33 €

Co financiamento exposto, procede analizar as partidas orzamentarias e os proxectos de gasto que se crearán:

Partidas e proxectos de gasto que se crean mediante o crédito extraordinario proposto:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Proxecto</u>	<u>Importe</u>
330/63212	"Obras de rehabilitación del BIC Fortaleza do Castro (fase I)": dirección de obra	(2011-45)	28.910,00 €
340/62211	"Remate do campo de fútbol de herba artificial de Viloiira" (2010-71): redacción do proxecto	(2010-71)	8.319,33 €
			37.229,33 €

Deste xeito, propónse a simultánea modificación do anexo de investimentos do Orzamento Xeral do Concello para 2012, mediante a introdución de dous novas partidas asociadas aos proxectos de gasto (2011-45 e 2011-51 por un importe conxunto de 37.229,33 €, a financiar cos excesos de financiamento de proxectos no que o gasto foi totalmente executado, e que tamén son obxecto de modificación polo que respecta ao seu financiamento afectado. Propónse que a modificación do anexo

de investimentos sexa nos seguintes termos:

<u>Proxecto</u>	<u>Concepto</u>	<u>Axentes</u>	<u>Importe axentes</u>	<u>Importe total</u>
(2011-45)	"Obras de rehabilitación do BIC Fortaleza do Castro (fase I)": dirección de obra	Préstamo Caja Madrid 2009	28.910,00 €	28.910,00 €
(2011-51)	"Remate do campo de fútbol de herba artificial de Vilóira" (2010-71): redacción do proxec	Préstamo Caja Madrid 2009	8.319,33 €	8.319,33 €
			37.229,33 €	37.229,33 €

O importe total da modificación proposta mediante crédito extraordinario 01/2012, acada o importe de TRINTA E SETE MIL DOUSCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (37.229,33 €); o crédito extraordinario se financia mediante reasignación de contías do préstamo "Investimentos 2009" (por importe de 37.229,33 €), que deixan de estar afectados a proxectos de gasto dos que se desiste da súa execución neste mesmo expediente.

5º Proposta da Alcaldía relativa á modificación do orzamento da Corporación para 2012, mediante a aprobación de expediente de suplemento de crédito 01/2012, parcialmente financiado co expediente de modificación orzamentaria baixa por anulación 01/2012, e correspondende modificación do anexo de investimentos.

O alcalde, tras dar conta do ditame da comisión informativa, fai uso da palabra para dicir que o obxecto deste asunto incluído na orde do día é habilitar crédito para obras na Praza do Concello e o parque infantil que dependen de subvencións da Xunta de Galicia nas que o Concello debe aportar unha porcentaxe e tamén para a obra do cemiterio. Prosegue dicindo que para o campo de fútbol de Vilóira non chegou o crédito previsto por exemplo para os aseos do público e que tamén se pretende ampliar a partida de parques infantís para reparar o parque afectado pola caída dun chopo, que se pretende reducir algunha partida concreta como a de mantemento de infraestruturas en 14.000 € debido a que aínda que o ano pasado se gastou este ano ao non haber brigada non haberá tantos gastos, a que determinadas actuacións previstas non se van poder realizar e a un posible convenio co Concello de Vilamartín que non se vai realizar o que, di o alcalde, non invalida o feito de que hai unha colaboración certa entre ámbolos dous concellos ou calquera outro que o solicite ou ao que lle solicitemos colaboración.

O sr. Blanco Paradelo remítese á anterior intervención.

Rematado o debate procédese a votación do ditame da comisión informativa de 16 de xullo de 2012, co resultado de que, en votación ordinaria, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea,

Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno do Concello acorda:

Que o suplemento de crédito, polo que se dotaría de crédito ás aplicacións que se indican a continuación, modificando polo tanto o anexo de investimentos do orzamento xeral do concello e o anexo e plan estratéxico de subvencións, sexa financiado con cargo a:

- 1. Remanente de Tesourería para gastos con financiamento afectado (artigo 36.1.a. RD 500/1990), calculado segundo as regras da instrución de contabilidade, polo importe de 16.830,77 € derivado das desviacións de financiamento do axente financiador “Préstamo Caja Madrid 2009 (Investimentos 2009)”, previa modificación dos proxectos de gasto con financiamento afectado nos que tiveron orixe (os proxectos 2009-75, 2009-76, 2009-78, 2009-79, 2009-80, 2009-81 e 2009-88), por haberse executado totalmente o gasto correspondente aos mesmos, procedéndose a desistir formalmente de continuar executándoos, e entón, a reasignar o préstamo sobrante ao financiamento dos proxectos de gasto que se relacionan no presente expediente de suplemento de crédito; tal e como se apuntou, os devanditos proxectos de gasto considéranse totalmente executados (aínda que se executaran por un importe inferior ao inicialmente previsto), polo que non vai ser necesario que, en diante, exista financiamento para os gastos**

Código do proxecto	Concepto	Importe a reasignar
2009-75	Actuación en camiños de núcleos rurais	8.656,01 €
2009-76	Arranxo de pistas en núcleos rurais	5.000,00 €
2009-78	Rúas e beirarrúas en núcleos rurais	617,30 €
2009-79	Camiños en núcleos rurais	897,52 €
2009-80	Investimento de reposición de maquinaria de Mex	994,81 €
2009-81	Adquisición de mobiliario para centros sociais	124,00 €
2009-88	Cemiterio	541,13 €
		16.830,77 €

- 2. Baixas por anulación das seguintes aplicacións orzamentarias, que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos (Baixa por anulación 01/2012):**

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS		PROXECTOS DE GASTO	DESCRICIÓN	IMPORTE DA BAIXA
151	210.01	-	Mantemento outras infraestruturas	14.998,20
414	632.12	2012-25	Actuación camiños (brigada Deputación)	15.000,00

414	632.22	2012-26	Arranxo de pistas, rúas e beirarrúas de núcleos rurais	5.949,90
941	489.01	-	Convenio co concello de Vilamartín de Valdeorras: tractor desbrozador	10.000,00
TOTAL				45.948,10

Aplicacións orzamentarias e proxectos de gasto que se modifican mediante o suplemento de crédito proposto:

APLICACIÓN ORZ.		DESCRICIÓN	PROXECTO	IMPORTE
155	61922	HUMANIZACIÓN DA PRAZA DO CONCELLO E PARQUES INFANTÍS	2012-34	7.868,58
155	62512			2.099,22
171	63322			5.030,40
SUBTOTAL PROXECTO:				14.998,20
164	63211	EDIFICACIÓNS E CONSTRUCIÓNS. AMPLIACIÓN DO CEMITERIO.	2011-12	23.100,00
340	63212	REMATE CAMPO DE FÚTBOL DE VILOIRA	2011-51	17.680,67
171	63312	REPOSICIÓN E MELLORA DE PARQUES INFANTÍS	2012-13	7.000,00
TOTAL				62.778,87

Deste xeito, acórdase a simultánea modificación do anexo de investimentos do orzamento xeral do concello para o 2012, mediante a modificación dos seguintes proxectos de gasto: 2012-34, 2011-12, 2011-51 e 2012-13, asociados ás aplicacións orzamentarias que se suplementan 2012-155/619.22, 2012-155/625.12, 2012-171/633.22, 2012-164/632.11, 2012-340/632.12 e 2012-171/633.12, por un importe conxunto de 62.778,87 €, a financiar con cargo ao remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado e con baixas por anulación. Acórdase que a modificación do anexo de investimentos sexa nos seguintes termos (importes totais xa coa modificación):

Aplicacións Denominación Importe Código Axentes Importe axente Importe total

171	63312	Reposición e mellora de parques infantís	17.000,00 €	2012-13	Recursos propios	17.000,00 €	17.000,00 €
155	61119	Outros investim. de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	18.360,02 €	2012-34	Xunta de Galicia (FEDEP)	18.360,02 €	49.994,00 €
			7.868,58 €		Recursos propios	7.868,58 €	
155	62512	Mobiliario	4.898,18 €		Xunta de Galicia (FEDEP)	4.898,18 €	

			2.099,22 €		Recursos propios	2.099,22 €
171	63322	Investimento de reposición de maquinaria, instalacións e útiles	11.737,60 €		Xunta de Galicia (FEDER)	11.737,60 €
			5.030,40 €		Recursos propios	5.030,40 €

Acórdase a **modificación do anexo de subvencións nominativas e do plan estratéxico de subvencións, suprimindo** a achega prevista ao concello de Vilamartín de Valdeorras por un convenio para a utilización dun tractor desbrozador, por importe de 10.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2012 - 941/489.01.

O importe total da modificación proposta mediante suplemento de crédito 01/2012, acada o importe de **sesenta e dous mil setecentos setenta e oito euros con oitenta e sete céntimos (62.778,87 €)**.

6º Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 02/2012

O alcalde, tras dar conta do ditame da comisión informativa, fai uso da palabra para dicir que o obxecto deste asunto incluído na orde do día é aprobar facturas e que algunha delas chegou con posterioridade ao remate do exercicio orzamentario e do propio orzamento polo que non se puido incluír no mesmo. Di o alcalde que as empresas non cumpren sempre coas obrigas e non presentan en tempo as facturas aínda que tamén ocorre que en determinadas ocasións as facturas carecen de aplicación orzamentaria para a súa imputación. Prosegue o alcalde dicindo que algunha destas facturas foi presentada entre febreiro e abril e que se tiveron que comprobar unha a unha non dando tempo a que se incluíran no expediente do orzamento. Prosegue o alcalde explicando algunha das facturas incluídas no expediente.

O voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, o sr. Blanco Paradelo, solicita o uso da palabra, e unha vez concedida, di que segundo a intervención do alcalde quedou claro que a culpa é das empresas e que o goberno non tivo ningunha culpa cando se lle recorda, informe tras informe, o incumprimento da base 40ª do orzamento o que se produce ano tras ano. Prosegue o voceiro dicindo que o alcalde anuncia con certa delicia o recoñecemento extraxudicial dicindo que o Concello está ao día cos provedores pero que o certo é que sempre aparecen novas facturas de anos anteriores, polo que -afirma o concelleiro- algo de culpa terá o goberno

municipal. Prosegue o voceiro dicindo que habería que preguntarse porque se concatenan contratacións de servizos excedendo das contías dos contratos menores ano tras ano, incumprimento que lle parece grave. Afirma que o seu grupo non vai apoiar este acordo e que queren dicir que cooperar cos Concellos está ben, pero que o alcalde presentou un convenio para o que o seu Grupo lle pediu informe da Intervención e da Secretaría e que se obviaron, e que sen embargo en Vilamartín o sr. Alcalde cando lle dixo a secretaria que tiña reparo pensouno.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que a realidade é que as facturas chegan fóra de prazo e non se podían pagar e que a base 40ª é un límite que se pon o goberno así mesmo para facer un esforzo de contabilidade e os concelleiros fan todas as propostas de gastos que poden e que se non as fan eles non as fai ninguén pero que pode pasar que cando se pensa que algo vai custar menos de mil euros finalmente supera dita contía, polo que se asume os informes da Intervención. Prosegue o alcalde dicindo que, respecto do dito polo concelleiro Blanco Paradelo respecto da contratación de servizos, está de acordo co manifestado pero que determinados contratos superan aos pequenos Concellos e pon por exemplo a contratación do subministro de enerxía eléctrica, contrato para o que se requiriu a asistencia da Deputación que non se atreveu e que nestes momentos pretende sacar a licitación este contrato o Concello de Ferrol coa axuda do INEGA.

Rematado o debate procédese a votación do ditame da comisión informativa de 16 de xullo de 2012, co resultado de que, en votación ordinaria, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo), seis votos en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez) e unha abstención (do concelleiro Sierra Nieves) o Pleno do Concello acorda:

Visto o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2012, polos gastos e a favor dos provedores que se detallan no listado de xustificantes de gastos que obra no expediente (nº 2012-23) por importe inicial de 35.883,55 € bruto e 35.883,55 € neto, informado de reparo pola intervención, acordamos a aprobación segundo detalle da relación anterior levantando os reparos contidos no informe de intervención, por un importe de 35.883,55 € bruto e 35.883,55 € neto, tendo en conta que os traballos se atopan efectivamente realizados, polo que de non recoñecerse as obrigas se estaría a producir un enriquecemento inxusto por parte do Concello.

7º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición da Alcaldía relativa á aprobación definitiva dos Estatutos do Consorcio de Augas de Valdeorras

O alcalde fai uso da palabra para dicir que inicialmente este asunto foi ditaminado pola Comisión de facenda ao ir ligado a outros asuntos competencia desa comisión pero que ao retirarse da orde do día ditos asuntos dende a Secretaría se informou de que non era competente a comisión de facenda, polo que se trae previa ratificación da súa inclusión da orde do día. O alcalde dá conta da proposición e en votación ordinaria por unanimidade dos concelleiros asistentes se ratifica a inclusión do asunto na orde do día da sesión.

O voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, o sr. Blanco Paradelo, fai uso da palabra para dicir que o seu grupo reafirmase en apoiar este acordo, que houbo unha unanimidade na asemblea de concelleiros e que se trata dun proxecto pioneiro en Galicia, proxecto que topou coa Xunta de Galicia, aínda que o Concello e a Deputación demostraron axilidade na tramitación non ocorreu así coa Xunta.

O voceiro do Grupo mixto municipal (Bloque Nacionalista Galego), o sr. Sierra Nieves, unha vez concedida a palabra, di que non existiu unanimidade na asemblea de concelleiros xa que houbo abstencións. Di que o BNG se presentou ás eleccións coa proposta de agrupación de servicios de forma mancomunada e consorcial pero que atopan sombras ou ausencias de máis datos e pregúntase se haberá maior eficiencia e aforro e di que se descoñece canto vai subir a auga aos veciños de Valdeorras. Prosegue dicindo que a participación da Deputación se limita á asistencia técnica e que o presidente da Deputación está enchendo de competencias que non ten á Deputación Provincial. Conclúe que terá o seu aprobado condicional pendente do seu desenvolvemento.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que sobre os problemas buricráticos relacionados con este asunto debe aplicarlos o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular ao asunto do convenio ao que se referiu. Di que os responsables políticos se puxeron de acordo neste asunto para solucionar os problemas e que se chocou coas consideracións técnicas. Di que se alegra de que o BNG aprrobe o asunto con condicións, que cre que o consorcio vai funcionar e que a Deputación non só prestará axuda económica senon que vai poñer diñeiro. Prosegue dicindo que el pensa que as Deputacións deben desaparecer e que solo en tres poderes territoriais, pero que cre positivo que a xestión dos consorcios a faga un ente intermedio, ou ben a Xunta de Galicia ou ben a Deputación Provincial. Di que para o Concello do Barco

de Valdeorras o servizos que se van a delegar se prestan se problemas pero que entenderon que entrar no consorcio pode ser positivo para o Concello. Respecto o custe do servizo para os veciños en principio non vai aumentar excepto os novos servizos de bombeo que se terán que pagar e no rural que se pagará o mesmo que no resto de municipios que integran o consorcio, que é o que establece a Xunta regulamentariamente.

O sr. Blanco Paradelo di que lle sorprende que o alcalde diga que as Deputacións deben desaparecer cando foi voceiro do seu grupo nesa administración, se reuniu co Presidente da Deputación e que se ten que existir nalgunha provincia entidades supramunicipais esa provincia é a de Ourense. Di que o BNG ao mellor reflexionou e viu que se quedaba só nun proxecto interesante, onde todos os concellos foron xenerosos e se arriscaron. Critica ás referencias persoais realizadas na intervención do sr. Sierra Nieves e di alegrarse de que se acade o acordo cun unanidade.

O sr. Sierra Nieves fai uso da palabra para dicir que o BNG levou no seu programa electoral mancomunar e consorciar servizos pero que desconfían da Deputación que se está agarrando a un cravo ardendo.

Rematado o debate procédese á votación co resultado de que, en votación ordinaria e por unanidade dos 16 concelleiros asistentes, o Pleno do Concello acorda:

Unha vez visto o expediente tramitado para a aprobación dos Estatutos do Consorcio de Augas de Valdeorras, incluído o informe favorable emitido pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e de conformidade co previsto no artigo 141.1 da Lei de Administración Local de Galicia,

ACORDAMOS:

1º Aprobar definitivamente os Estatutos do Consorcio de Augas de Valdeorras, conforme co texto aprobado pola Comisión Xestora, o 22 de maio de 2012, e pola Asemblea de concelleiros dos concellos promotores, de data 25 de xuño de 2012.

2º Aprobala participación do Concello do Barco de Valdeorras no dito Consorcio, designando como representante na Asemblea Consorcial ó alcalde, conforme establecen os Estatutos.

8º Proposta da Alcaldía sobre declaración do dereito á bonificación do I.C.I.O. a solicitude de D. Santiago Vázquez Valiñas.

O alcalde fai uso da palabra para dar conta do ditame da comisión informativa dicindo que é desfavorable á concesión, ao igual que a solicitude incluída no seguinte punto da orde do día, e que haberá que estudar se este tipo de actuacións son merecedoras dunha modificación da bonificación contemplada na ordenanza fiscal.

O sr. Blanco Paradelo fai uso da palabra para dicir que o seu grupo se vai abster fundamentando o seu voto en que entenden que se trata de obras que melloran o entorno das edificacións polo que merecen a bonificación e solicitan que se estude a modificación da ordenanza para que se inclúan dentro das bonificación estas actuacións.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e seis abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez) o Pleno do Concello acorda:

1º.- A non declaración da obra solicitada por D. Santiago Vázquez Valiña (R.E. 10 de abril de 2012) de interese social e histórico artístico, por non concorrer circunstancias de edificación de interese social e histórico artístico, en base ó informe do Arquitecto Municipal.

2º.- Propoñer a Xunta de Goberno Local a non procedencia da bonificación do ICIO solicitada.

9º Proposta da Alcaldía sobre declaración do dereito á bonificación do I.C.I.O. a solicitude de D^a Elisa García León

Dáse conta pola Alcaldía do ditame da comisión informativa e sen máis debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e seis abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez) o Pleno do Concello acorda:

1º.- A non declaración da obra solicitada por D^a Elisa García León (R.E. 19 de xaneiro de 2012) de interese social e histórico artístico, por non concorrer circunstancias de edificación de interese social e histórico artístico, en base ó informe do Arquitecto Municipal.

2º.- Propoñer a Xunta de Goberno Local a non procedencia da bonificación do ICIO solicitada.

10º Proposta da Alcaldía sobre declaración do dereito á bonificación do I.C.I.O. a solicitude de D. José Gayoso Velasco

Dáse conta pola Alcaldía do ditame da comisión informativa e sen máis debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes o Pleno do Concello acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D. José Gayoso Velasco (R.E. 15 de xuño de 2012) de interese social e histórico-artístico, por concorrer na edificación circunstancias de edificación de interese histórico, artístico e cultural.

Segundo: Propoñer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O.

11º Proposta da Alcaldía sobre declaración do dereito á bonificación do I.C.I.O. a solicitude de D^a Milagros Calvo Moldes

Dáse conta pola Alcaldía do ditame da comisión informativa e sen máis debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes o Pleno do Concello acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D^a Milagros Calvo Moldes (R.E. 21 de xuño de 2012) de interese social e histórico-artístico, por concorrer na edificación circunstancias de edificación de interese histórico, artístico e cultural.

Segundo: Propoñer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O.

12º Proposta da Alcaldía sobre declaración do dereito á bonificación do I.C.I.O. a solicitude de D. Manuel Abelaira Rodríguez

Dáse conta pola Alcaldía do ditame da comisión informativa e sen máis debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes o Pleno do Concello acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D. Manuel Abelaira Rodríguez (R.E. 3 de xullo de 2012) de interese social e histórico-artístico, por concorrer na edificación circunstancias de edificación de interese histórico, artístico e cultural.

Segundo: Propoñer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% do I.C.I.O.

13º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición presentada polo portavoz do Grupo municipal do B.N.G. sobre supresión de aulas e concentración do alumnado de infantil e primaria

Polo sr. Sierra Nieves dáse lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A decisión do goberno da Xunta de Galiza de suprimir aulas e reunir menores de infantil de 3 e 6 anos con rapaces e rapazas de Primaria de 12 anos, que no caso das comarcas de Ourense, por exemplo, afecta a 115 aulas, lévamos a un retroceso de máis de trinta anos, que impide incluso a conciliación da vida laboral e familiar de nais e pais. Esta medida está a ser respondida pola comunidade educativa e pola sociedade galega por resultar nociva para a educación pública e mortal no medio rural, ao quedar desprovistos de aulas, ter que desprazarse ás vilas limítrofes e contribuír ao seu despoboamento, semellante ao acontecido fai trinta anos coas escolas-fogares que arrancaba e erradicaba definitivamente do rural a nenos e nenas. O goberno do PP da Xunta de Galiza impón medidas sen diálogo, mostrando a meirande insensibilidade, sen buscar solucións nin procurar alternativas, agás as que supoñen a desaparición do benestar e das condicións de vida de galegos e galegas que tiñan ganado até agora. Fai días morreu Preescolar na Casa, innovador, adaptado e sostíbel na realidade rural galega, sen que a Xunta moveuse unha pestana para salvalo, e agora tócalle a educación en xeral coa supresión de aulas de infantil e primaria.

42 aulas serán suprimidas nas comarcas de Ourense, 56 nas comarcas da Coruña 40 nas de Lugo e 37 aulas nas comarcas de Pontevedra pero estes datos, recollidos do profesorado e dirección de centros afectados, poden serve incrementados unha vez que nos próximos días vaian aparecendo no Diario Oficial de Galiza as resolucións da Xunta.

Esta brutal decisión do goberno do PP afectará ademais aos cadros de persoal con centros de mestres e mestras menos. Por exemplo, no caso das comarcas de Ourense, como mínimo 70 ensinantes desaparecen nesta primeira fase.

A decisión reduce tamén persoal para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais e recorta os comedores escolares e o transporte.

A educación pública é o verdadeiro motor e garantía da igualdade de oportunidades, e o investimento educativo unha das mellores formas de procurar formación e base para o futuro que pon os alicerces para a mellora social, e importante para a saída da crise económica que vivimos.

En Galiza a educación pública xa sufriu un retroceso significativo desde 2009 da ocupación da Xunta polo PP e debido a súa política educativa de recortes e falta de atención. Por unha banda, reduciron considerablemente o número de profesores e profesoras do ensino público e, por outra, incrementou as unidades escolares concertadas e as subvencións encubertas as mesmas, reducindo de xeito constante as bolsas para o alumnado, as axudas aos comedores escolares, ao transporte escolar ou a eliminación de profesorado.

Se a sociedade galega non reacciona e isto non se para, as medidas de guillotina na educación pública eu fai o PP irá a maiores. Hoxe sabemos que no próximo curso os recortes e as supresións de unidades educativas serán aínda maiores.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Eliminar a concentración de alumnado de Infantil co de Primaria.
2. Dotar aos centros de ensino de persoal e de recursos necesarios para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais .
3. Modificar a súa política educativa e garantir unha educación pública de calidade, dotando aos centros de ensino público do profesorado necesario para unha educación pública en condicións, e con especial atención a unha discriminación positiva nos concellos do rural. ”

Ratifícase por unanimidade dos concelleiros asistentes a inclusión na orde do día da moción.

O sr. Blanco Paradelo fai uso da palabra para dicir que cando se fala de doce anos na moción hai que dicir que só serían doce anos para o caso de que se repita, polo que a moción non é precisa. Di que entende que as autoridades educativas quizais dispoñan de mais datos dos que dispoñen eles ao igual que os técnicos da Consellería que respaldan a política educativa. Di o concelleiro que descoñece de onde sacan os datos que se citan na moción xa que é imposible saber que aulas se van reagrupar porque aínda non se iniciou a presentación da matriculación. Di que determinadas frases da exposición como “logo da ocupación da Xunta de Galicia” non se poden presentar nun texto e roga que se retire. Di que a moción fai unha serie de afirmacións, que ao mellor esas afirmacións se fan por descoñecemento, que a moción manda unha mensaxe negativa á sociedade e impulsa a que as persoas que viven no rural non leven os seus fillos aos colexios rurais. Prosegue dicindo que o goberno do bipartito tamén realizou concentracións.

Concédeselle a palabra pola Presidencia ao concelleiro Aurentino Alonso Araújo quen fai uso dela para dicir que se está asistindo a unha serie de terror no que cada semana se dá un novo capítulo de recortes, e que o Ministro dende Madrid manda a mensaxe de que hai que conseguir mellor eficiencia sen afectar á calidade. Di que en Galicia retirar aos nenos das escolas rurais tradúcese en que os pais se irán do rural con eles. Di que o co Conselleiro Jesús Vázquez sigue esa liña exposta e que fai tres anos se consensuou a agrupación por etapas e a Consellería rachou co acordo hai un mes. Prosegue dicindo que en Ourense hai vinte concellos no que só hai un profesor en infantil e outro para primaria. Di que dende o seu punto de vista se volve vinte anos cara atrás, que el asistiu á escola rural integrada dende os cinco aos catorce anos e que era un caos e que de aqueles escolares o fracaso era case total e que a iso nos levará a decisión da Xunta de Galicia que promove o desequilibrio e a discriminación negativa e que a escola pública sufrirá unha recesión.

O sr. Sierra Nieves fai uso da palabra dicindo que o Grupo Municipal do Partido Popular coñece ben a educación privada pero que a pública é outra cousa e cita exemplos da eliminación de servizos educativos que segundo o concelleiro están confirmados.

O concelleiro Blanco Paradelo di que ao concelleiro Aurentino Alonso Araújo non lle foi tan mal na escola integrada e que a administración

educativa está intentando que ningún Concello se quede sen escola e que o importante é que afirmar que as agrupacións nunca superarán os dezaioito estudantes e que o goberno bipartito da Xunta fixo máis agrupacións que as que se van facer e pregúntase canto custa manter centros con tan só cinco alumnos.

O sr. Alonso Araújo di que é grave medir polo gasto a calidade e a igualdade educativa.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e seis abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez) o Pleno do Concello acorda:

Instar á Xunta de Galiza a

- 1. Eliminar a concentración de alumnado de Infantil co de Primaria.**
- 2. Dotar aos centros de ensino de persoal e de recursos necesarios para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais .**
- 3. Modificar a súa política educativa e garantir unha educación pública de calidade, dotando aos centros de ensino público do profesorado necesario para unha educación pública en condicións, e con especial atención a unha discriminación positiva nos concellos do rural.**

14º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición presentada polo portavoz do Grupo municipal do B.N.G. sobre o sistema financeiro galego (banca pública galega, refrendo sobre o rescate, solución das preferentes, atención ao público e mantemento do emprego en Novagalicia Banco e comisións de investigación)

Concédeselle a palabra ao concelleiro Sierra Nieves quen dá lectura da moción, que copiada literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O rescate ao Estado español por valor de 100.000 millóns de euros vai ter un beneficiario –a banca privada, que poderá pagar as súas débedas e sanear os seus balances- e unha vítima ben evidente –as maiorías sociais e os

pobos, a comezar por Galiza- que somos os paganos da operación e os que teremos que pagar a factura en forma de novos recortes, máis desemprego e do deterioro da nosa calidade de vida, xa que o rescate contará con condicións que afectarán dramaticamente o benestar social, tal e como aconteceu nos anteriores rescates no ámbito da UE: Grecia, Portugal e Irlanda. Isto é, máis recesión, máis paro e máis desigualdades sociais.

O Goberno español non ten lexitimade democrática para adoptar a decisión de solicitar o rescate, xa que ninguén o votou para facer iso. É necesaria a democracia e a transparencia. É necesario un debate social moi profundo sobre o rescate e as súas terríbeis consecuencias para as maiorías. O rescate financeiro previsto é unha decisión trascendental para o noso futuro, polo que debe ser a sociedade a que decida a súa conveniencia. É preciso, polo tanto, a convocatoria dun referendo sobre o rescate.

O rescate é duplamente negativo para Galiza porque non só vai castigar as súas maiorías sociais, senón porque destruírá o sistema financeiro galego. A Unión Europea condiciona o rescate a unha nova rolda de fusións no sistema financeiro, que probablemente se traducirá na absorción de Novagalicia Banco (NGB) por parte de bancos privados de maior dimensión e sen vinculación con Galiza. O BNG sempre defendeu a necesidade dunha banca pública como instrumento imprescindible para asegurar o crédito que o tecido produtivo e social precisa. Porén, non podemos avalar un proxecto que suporía a definitiva expatriación do aforro galego depositado en NGB. Mais outra volta, o noso aforro serviría para desenvolver outros territorios. Galiza ficaría sen capacidade de decisión ningunha sobre unha entidade que xestiona o 40% do negocio financeiro do noso país.

Galiza ten dereito a preservar un sistema financeiro propio. Así, demandamos que NGB, se converta nun banco público galego, coa transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB ostenta na actualidade no capital de NGB. O impulso a unha banca pública galega é unha ferramenta que permitirá avanzar na soberanía financeira de Galiza, en tanto que dota aos galegos e galegas dun instrumento para orientar os nosos aforros e investimentos.

Ademais, en contra da crenza fomentada por determinados creadores de opinión e do propio Presidente da Xunta de Galiza, Núñez Feijoo, a banca pública é un instrumento plenamente vixente, que existe nunha grande variedade de países, como en 32 países europeos ou nos Estados Unidos, e vén desempeñando un papel fundamental en favor do desenvolvemento e da estabilidade económica dos mesmos. Da análise das diferentes experiencias de banca pública, conséntase o seu impacto positivo sobre a economía e os sectores produtivos. Alí onde existe banca pública existe un forte tecido

industrial, mentres que son excepcionais os casos onde existe unha forte presenza do sector industrial sen o apoio dunha banca pública.

O rescate pon ademais en risco os postos de traballo de milleiros de persoas nas entidades financeiras, debido ás condicións impostas para o citado rescate aos bancos do Estado español. Nomeadamente, é necesario demandar do presidente da Xunta que actúe e non tolere máis despedimentos en Novagalicia Banco, que tamén suporía unha merma na atención aos clientes da entidade e a desaparición de múltiples sucursais que atenden sobre todo no mundo rural.

A enorme desfeita que provocou o rescate ten culpábeis con nomes e apelidos. É preciso depurar as súas responsabilidades, e xa que logo, que se constitúan as comisión de investigación que o BNG leva pedindo quer no Congreso quer no Parlamento Galego. Trátase dunha estafa xigantesca, que se está levando por diante o traballo e o benestar social de millóns de persoas. Esta estafa debe ser investigada, xulgada e penada polos tribunais de xustiza.

Por último, e ligado tamén ás prácticas fraudulentas do sistema financeiro, miles de clientes galegos de entidades bancarias, aconsellados polos directores das oficinas, investiron os seus aforros en instrumentos financeiros complexos e opacos, nomeadamente en preferentes. En contra do que naquel momento se lles indicou, estes aforradores e aforradoras vense agora na imposibilidade de recuperar os cartos investidos en tanto estes instrumentos non sexan vendidos no mercado de activos financeiros, a un prezo que, caso de haber compradores, será inferior ao seu valor nominal.

Tal é o caso de miles de clientes de NGB que no seu momento adquiriron participacións preferentes, sen que pro parte da entidade se cumprise coas obrigas establecidas na normativa MIDIF de protección dos consumidores e consumidoras de produtos financeiros, que no caso dos clientes minoristas se concretan na realización de test personalizados de conveniencia e de idoneidade antes da contratación de calquera produto financeiro co fin de asegurar que este responde ás necesidades e ás características do clientes. Así, é preciso demandar das institucións públicas responsábeis unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes, de xeito que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a promover a creación dunha banca pública galega, nomeadamente a partires da conversión de NGB nun banco

- público galego mediante a transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB detenta no capital da NGB.
2. Solicitar a celebración dun referendo vinculante sobre o rescate da Unión Europea á banca española.
 3. Instar á Xunta de Galiza a promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do Goberno do Estado Español, unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.
 4. Demandar da Xunta de Galiza que garanta os postos de traballo en Novagalicia Banco, así como a que asegure unha adecuada atención aos clientes da entidade.
 5. Demandar a creación de comisións de investigación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para que se esclarezan responsabilidades na fraudulenta xestión que propiciou a actual situación das caixas e da banca.
 6. Comunicar o presente acordo ao Presidente da Xunta, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.”

Ratifícase a inclusión na orde do día do asunto por unanimidade dos concelleiros asistentes.

Concédeselle a palabra ao concelleiro Blanco Paradelo quen fai uso dela para dicir que os temas dos que fala a moción desbordan ao Pleno do Concello, sobre todo pola velocidade dos acordos e resolucións que lles afecta, que todos queren que se solucionen estes problemas, que o Presidente da Xunta de Galicia está traballando dende o primeiro momento para que se solucionen, que as medidas propostas na moción teñen carácter electoralista e que se van a abster xa que cren que hai que deixar que traballen quen o ten que facer e que quere reiterar que é preciso que Galicia conte cunha entidade bancaria de carácter galego.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que o exposto na moción contén un tema gravísimo xa que se concederon opcións preferentes a persoas sen capacidade e que así xa dúas sentencias afirmaron a existencia de engano aos subscritores. Prosegue dicindo que a moción é un totum revolutium xa que mestura este último asunto con un referendo democrático que non ten moito que ver pero que tendo en conta o dito votarán a favor da moción. Di que se a venda das opcións preferentes se trata dun tema moi grave que existe unha investigación, que produce vergoña e que dana a credibilidade do país.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e seis abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez) o Pleno do Concello acorda:

- 1. Instar á Xunta de Galiza a promover a creación dunha banca pública galega, nomeadamente a partires da conversión de NGB nun banco público galego mediante a transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB detenta no capital da NGB.**
- 2. Solicitar a celebración dun referendo vinculante sobre o rescate da Unión Europea á banca española.**
- 3. Instar á Xunta de Galiza a promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do Goberno do Estado Español, unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.**
- 4. Demandar da Xunta de Galiza que garanta os postos de traballo en Novagalicia Banco, así como a que asegure unha adecuada atención aos clientes da entidade.**
- 5. Demandar a creación de comisións de investigación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para que se esclarezan responsabilidades na fraudulenta xestión que propiciou a actual situación das caixas e da banca.**
- 6. Comunicar o presente acordo ao Presidente da Xunta, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.**

15º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición presentada polo Grupo municipal do B.N.G. sobre dereitos das persoas lesbianas, gais, bisexuais e transexuais

Concédeselle a palabra ao concelleiro Sierra Nieves quen dá lectura da moción, que copiada literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 28 de xuño é o Día Internacional da Liberación LGBT (lesbianas, gais, bisexuais e transexuais) data na que cada ano os colectivos LGTB

conmemoran os disturbios de Stonewall (New York, 1969), que marca o inicio do movemento de liberación homosexual, loita social que reivindica a dignidade e a igualdade das persoas, sexa cal for a súa orientación ou identidade sexual.

Con motivo do Día Internacional polos dereitos das persoas lésbicas, gais, bisexuais e transexuais, é preciso que as institucións democráticas manifesten o seu apoio ás reivindicacións da comunidade LGBT.

O compromiso coa consecución da igualdade a todos os efectos das persoas LGBT non debe consistir só na adhesión e apoio pasivo ás reivindicacións destes colectivos, senón que sería unha falta de responsabilidade política cara ao conxunto da cidadanía non actuar implementando medidas activas que persigan o fin da discriminación pola orientación sexual, cos obxectivos de educación na igualdade e no respecto e posta en valor da diversidade, no apoio as persoas vítimas de discriminación, na colaboración coas asociacións LGBT, etc., con fin de conseguir unha sociedade máis xusta, baseada no respecto e na igualdade de todas as persoas.

Malia que os avances lexislativos foron notábeis, na sociedade actual a homofobia sigue existindo como manifestación cruel e discriminatoria. Asemade, hai ámbitos onde os dereitos das persoas LGBT non están plenamente equiparados aos do resto da cidadanía.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instamos do Goberno da Xunta de Galiza que garanta o dereito á protección da saúde das persoas transexuais, incluíndo o tratamento clínico integral de reasignación de sexo no catálogo de prestacións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.
2. Instamos ao Goberno da Xunta a promover un ensino laico e de calidade que facilite un contorno seguro no que os fillos e fillas de parellas homoparentais poidan vivir abertamente a súa realidade familiar, incidindo no respecto á diversidade desde o ensino público.
3. Manifestamos o compromiso do noso Concello a contribuír á integración e á normalización da comunidade LGBT, para garantir o dereito de todas as persoas a ser tratadas con respecto independentemente da súa orientación ou identidade sexual.”

Ratifícase a inclusión na orde do día do asunto por unanimidade dos concelleiros asistentes.

O sr. Blanco Paradelo fai uso da palabra para dicir que non está de acordo coas afirmacións da moción, que o seu Grupo pensa que o texto da moción é máis propio dun acto ou manifesto, que el pensa que está superada

altamente e pregúntase se de verdade aínda existe homofobia, que quere que o Sergas atenda a todo o mundo igual e que se van abster.

A concelleira Natalia Álvarez Diéguez fai uso da palabra, unha vez concedida, para dicir que o seu Grupo municipal sempre se demostrou a favor da tolerancia e así por exemplo apoiou a lei de identidade de xénero do ano 2005, desenvolveu talleres e actividades de coeducación inculcando a tolerancia sobre as diferencias de xénero e a identidade social.

O concelleiro Sierra Nieves fai uso da palabra, unha vez concedida, para dicir que o “día do orgullo” xa foi celebrado polo seu Grupo e que a simple condescendencia das frases do sr. Blanco Paradelo lle parecen homófobas e que el non vai ser tan desaprensivo como a súa compañeira a sra. Fabra.

O sr. Blanco Paradelo solicita ao sr. Sierra Nieves que retire as súas palabras xa que cre que coa súa intervención foi suficientemente adxectivada como para non parecer condescendente.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e seis abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez) o Pleno do Concello acorda:

- 1. Instamos do Goberno da Xunta de Galiza que garanta o dereito á protección da saúde das persoas transexuais, incluíndo o tratamento clínico integral de reasignación de sexo no catálogo de prestacións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.**
- 2. Instamos ao Goberno da Xunta a promover un ensino laico e de calidade que facilite un contorno seguro no que os fillos e fillas de parellas homoparentais poidan vivir abertamente a súa realidade familiar, incidindo no respecto á diversidade desde o ensino público.**
- 3. Manifestamos o compromiso do noso Concello a contribuír á integración e á normalización da comunidade LGBT, para garantir o dereito de todas as persoas a ser tratadas con respecto independentemente da súa orientación ou identidade sexual.**

16 Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición presentada polo portavoz do Grupo municipal do B.N.G. sobre recortes

da Xunta de Galicia no fomento do emprego e nos programas de cooperación, promoción e formación das persoas

Concédeselle a palabra ao concelleiro Sierra Nieves quen dá lectura da moción, que copiada literalmente di:

“Exposición de Motivos

O Goberno do PP na Xunta de Galiza continúa na liña de recortarlle aos concellos todo tipo de medidas destinadas ao fomento do emprego ou a programas de promoción, cooperación e formación das persoas.

Así, o pasado venres, 15 de xuño, fixo pública no DOG a drástica redución de axudas e subvencións aos concellos para o fomento do emprego a través de programas de cooperación que permitan a contratación de persoas para reforzar os servizos municipais. Pero tamén a redución de programas de accións formativas destinadas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas e de promoción da integración laboral de persoas con discapacidade.

Estas reducións acadan máis de 61 millóns de euros que representan preto do 50% dos importes recollidos nos Orzamentos da Xunta de Galiza para este ano 2012. E desta cantidade cabe destacar a redución de 33 millóns de euros (case o 75%) das axudas aos concellos destinadas a contratación de persoas no paro para distintos servizos municipais (servizo de axuda no fogar, brigadas municipais, etc.) deixando pouco máis de 12 millóns de euros e confirmando así a escalada de recortes do goberno do PP na Xunta de Galiza desde fai tres anos, provocando cada día máis persoas desempregadas, convertendo en falacias as promesas electorais de Feijóo de acabar co paro en 45 días.

Galiza sofre a política do PP, condenada a non poder recuperar a senda da creación do emprego e inverter a actual tendencia da súa destrución; condenada a non poder xerar desde os concellos as condicións para o desenvolvemento das oportunidades laborais e a prestación de servizos a veciños e veciñas. Chegando a acadar as máis altas cotas de desemprego situando a Galiza nunha taxa de máis do 20% onde máis emprego se destrúe no Estado e castigando a máis de 275.000 galegos e galegas a continuar nunha situación de anguria e desesperanza.

A Xunta de Galiza pregouse definitivamente ás políticas de recortes do Goberno do Estado e aos ditados dos mercados financeiros: pagar primeiro os intereses da débeda a costa dos recortes nas políticas sociais e no emprego, impedindo axudas a persoas paradas para atopar traballo.

É por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte

ACORDO

1 Rexeitar a drástica redución das axudas ás políticas activas de emprego que permitan aos concellos a contratación de persoas desempregadas.

2 Instar á Xunta de Galiza a:

- a. Garantir o financiamento necesario para o mantemento das políticas activas de emprego e o emprego social, escolas taller, obradoiros de emprego, tal como se viña facendo no noso concello.
- b. Manter as partidas dedicadas a formación e emprego na súa contía inicial.
- c. A que demande do Goberno do estado o mantemento dos recursos económicos necesarios para garantir o nivel de prestacións das políticas activas de emprego que se viñan realizando en Galiza.”

Ratifícase a inclusión na orde do día do asunto por unanimidade dos concelleiros asistentes.

O sr. Blanco Paradelo fai uso da palabra para dicir que o axuste que fai a Xunta de Galicia nestes programas débese a que parte do orzamento destes programas depende do Estado polo que a redución das aportacións as obriga o goberno do Estado, que xa leu declaracións do alcalde nas que se mostraba moi enfadado, que o alcalde dixo que o Concello non pode perder servizos e subir taxas e que se pregunta cantas prazas de cooperación eran prioritarias, que o Concello do Barco non saiu tan mal parado e que vai recibir catro prazas e que outros como Ourense recibirán cinco, que hoxe se anunciou un convenio entre a Xunta de Galicia e a Deputación por importe de tres con sete millóns de euros para o emprego e servizos sociais, que cre que esta é unha boa iniciativa que traerá novos postos de traballo e que non cre que a totalidade das corenta prazas solicitadas polo Concello do Barco de Valdeorras sexan todas de urxencia.

O alcalde fai uso da palabra que non se trata de determinar a urxencia das necesidades, que sempre se pide máis prazas das que se pretende que se concedan pero que o ano pasado concederon vinte e oito prazas. Di que non son imprescindibles para os servizos públicos porque se van a prestar igual pero o feito é que este ano non concederon nin o 13% do que concederon o ano pasado e que a día de hoxe descoñécese si se van convocar as escolas taller, critica que en vez de conveniar coa Deputación Provincial non se deran directamente as axudas aos Concellos xa que se produce agora un dobre traballo e que ademais cada Deputación terá os seus propios criterios e cada Deputación aportará o que estime pertinente para esta finalidade polo

que se producirá que para se presten distintos servizos en cada provincia. Prosegue dicindo que a gardería, a ludoteca e a biblioteca pola mañá se cubría con programas de cooperación e que se non hai obreiros haberá obras que non se podan facer. Afirma o alcalde que é un golpe moi duro para os Concellos e máis para os pequenos Concellos e que o peor é que para o ano que ven probablemente ocorra o mesmo que neste ano.

O concelleiro Sierra Nieves fai uso da palabra para dar conta das reducións en materia de política de emprego con respecto ao ano 2011 e di que o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular defende o indefendible e que xa houbo varias concentracións en contra das políticas que el defende en fronte da súa sede e lle consta que llo din na rúa.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e seis votos en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez) o Pleno do Concello acorda:

1 Rexeitar a drástica redución das axudas ás políticas activas de emprego que permitan aos concellos a contratación de persoas desempregadas.

2 Instar á Xunta de Galiza a:

- a. Garantir o financiamento necesario para o mantemento das políticas activas de emprego e o emprego social, escolas taller, obradoiros de emprego, tal como se viña facendo no noso concello.**
- b. Manter as partidas dedicadas a formación e emprego na súa contía inicial.**
- c. A que demande do Goberno do estado o mantemento dos recursos económicos necesarios para garantir o nivel de prestacións das políticas activas de emprego que se viñan realizando en Galiza.**

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1 Dación de contas das resolucións da Alcaldía desde a nº 234/2012 ata a nº 276/2012 e das actas da Xunta de Goberno Local (sesións de 31 de maio e 7, 14 e 21 de xuño de 2012).

Dáse conta das resolucións e actas indicadas.

2 Rogos e preguntas

Pide a palabra o sr. Blanco Paradelo que di que quere ensinar unhas fotografías e roga que se vixile á concesionaria xa que recolle no mesmo camión o lixo orgánico e o cartón. Roga que se leve a cabo unha investigación seria e si se confirma trataríase dun engano masivo e que polo tanto se adopten as medidas correspondentes.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que lle facilite as fotografías ás que se referiu o sr. Blanco Paradelo, que cre que non se trata dun engano masivo e que o 99% do cartón recóllese separadamente a través dos colectores tipo iglú e non nos pequenos colectores. Di que haberá que pedir responsabilidades na empresa e que entende que o cartón se debe recoller co camión porta a porta e polo tanto nun único camión onde se recolle todo o papel e cartón.

Pide a palabra a Sra Rodríguez Vázquez para facerlle un rogo ó Sr. Alcalde, consistente en que se lle preste máis atención ó local sito na esquina do Concello que da a rúa Marcelino Suárez, porque parece un punto de lixo cara ó cidadán. Que se podería evitar esa imaxe con fotos do Barco ou de deportes ou programas.

Di o Sr. Alcalde á concelleira que ese local prestóuselle á Subdelegación do Goberno que o utilizou para un tema do censo agrario, que vai pouco que o deixaron e non sabe a situación actual, que tomarán nota do asunto.

Pide a palabra a Sra. Delgado Fernández que unha vez concedida pregunta cales son os criterios para contratar a persoal eventual para as actividades de verán. O sr. Delgado Fernández responde que as actividades as organiza unha Asociación coa que o Concello non ten contrato e que o único que aporta o Concello é a cesión dun local.

Concédeselle a palabra ao concelleiro Sierra Nieves que fai uso dela para dicir que a esta hora se está a celebrar en Vilamartín de Valdeorras un pleno no que se abordará un acordo relativo á fusión co Concello do Barco de Valdeorras e que pola rúa se di que o acordo se xestionou nun bar ente un alcalde que quere gobernar a comarca e outro que herdou un concello arruinado do Partido Popular.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que o modelo de financiamento local non atende á realidade galega e que só corrixido o modelo de financiamento se pode comezar a falar dunha ordenación administrativa e da desaparición das Deputacións, que a fusión entre Vilamartín e o Barco de Valdeorras non daría mellores servizos e si máis rural mal atendido, que non existe nada

entre o alcalde de Vilamartín e o alcalde do Barco de Valdeorras e soamente unha reflexión do alcalde un día ante un medio de comunicación e que en calquera caso de cañas con outros alcaldes vai moi poucas veces.

E non habendo máis asuntos que tratar polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:48 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez